



13ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 24 de novembro de 2022

Lugar: A reunión tivo lugar de forma presencial na Aula 1 do Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia e a través de videoconferencia mediante a plataforma Falemos.

Hora de comezo: 12,30 horas

Hora de remate: 14,30 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Simplificación Administrativa, vicepresidente[Telemática]
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo de Galicia [Telemática]
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal [Telemática]
8. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do IGE, vogal [Telemática]
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal [Telemática]
10. Susana Díaz García, arquivista do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), vogal [Telemática]
11. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR) da Universidade da Coruña. En representación do Consello Galego de Universidades, vogal [Telemática]
12. Isabel Novo Castro, asesora xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en representación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, vogal [Telemática]
13. María José García Sexto, directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en representación da AMTEGA, vogal [Telemática]
14. M^a Asunción Liñares Castro. Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. [Telemática]
15. Juan José González Acevedo. Interventor Delegado da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes [Telemática]





16. Dolores Lestón Suárez. Arquivo Territorial de Xustiza. A Coruña [Telemática]

17. Rodrigo Silva Poceiro. Arquivo do Arquivo Municipal de Pontevedra.

Xustifican a ausencia:

1. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela

Orde do día

- 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior**
- 2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local**

2.1. Administración autonómica:

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

- Expedientes de convenios e concertos. (Cód. AA0034)
- Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral. (Cód. AA2739)

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral. (Cód. AA05711)

2.2. Administración local:

Arquivo Municipal de Pontevedra

- Expedientes de oposicións. S0322 (Cód. AL164)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Universidade de Vigo

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (Cód. U001)

Táboa T030 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2005-2006

Volume a eliminar: 552 u.i.

- Expedientes de modificacións orzamentarias (Cód. U002)

Táboa T031 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2005-2006

Volume a eliminar: 44 u.i.





- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio (Cód. U003)
Táboa T032 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 2014-2016
Volume a eliminar: 92 u.i.
- Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor (Cód. U004)
Táboa T033 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 2014-2016
Volume a eliminar: 51 u.i.
- Expedientes de enquisas de avaliación da actividade docente por parte do alumnado (Cód. U012)
Táboa T073 DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 2001-2010
Volume a eliminar: 1.777 u.i.

Consellería de Política Social e Xuventude. Xefatura Territorial de Vigo (AT Vigo)

- Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva (PNC) (Cód. AA1302)
Táboa T0064 DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 1991-2015
Volume a eliminar: 1.574 u.i.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia-IGCC (AT Pontevedra)

- Expedientes de reclamacións en materia de consumo (Cód. AA5129)
Táboa T0061 DOG núm. 116, do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 1995-2001
Volume a eliminar: 134 u.i.
- Expedientes sancionadores en materia de consumo. (Cód. AA5232)
Táboa T0063 DOG núm. 116, do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 1994-2001
Volume a eliminar: 26 u.i.
- Expedientes de arbitraje en materia de consumo (Cód. AA5234)
Táboa T0062 DOG núm. 116 do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 1997-2001
Volume a eliminar: 58 u.i.





4. **Proposta de acordo sobre a eliminación, nas oficinas de rexistro físico, de documentación presentada para a súa incorporación a un servizo electrónico e non recollida polas persoas titulares nos prazos marcados polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo. BOE núm. 77, de 31/03/2021.**

5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Queda aprobada a acta

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local

Mar García Miraz expón os estudos realizados no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (Expedientes de convenios e concertos. (Cód. AA0034) e Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral. (Cód. AA2739)). Ningún dos asistentes fai comentarios.

Gabriel Quiroga Barro expón o estudo de serie realizado no Arquivo do Reino de Galicia (Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral. (Cód. AA05711)). Ningún dos asistentes fai comentarios.

Rodrigo Silva Poceiro expón o estudo realizado no Arquivo Municipal de Pontevedra (Expedientes de oposicións. S0322 (Cód. AL164).

Isabel Novo Castro comenta que o prazo establecido para o valor administrativo lle parece escaso tendo en conta que é frecuente que moitos destes expedientes sexan obxecto de recurso e que aínda sen chegar ao Supremo a súa resolución pode retrasarse durante moitos anos. Acórdase incluír nos estudos un texto que faga explícito o consenso de que tanto no caso de interposición de recursos como no de estar sometidos a outro tipo de procesos como poden ser as auditorías asociadas á xestión de fondos europeos non serán de aplicación os prazos establecidos para a eliminación ata a finalización destes procesos.

Expresa tamén que lle chama a atención que non se estableza un prazo de Valor legal. Gabriel Quiroga explica que este criterio responde a un acordo do Grupo de traballo tomando en consideración as conclusións dun debate xeneralizado nas diversas comisións de valoración das Administracións públicas que recoñece a imposibilidade de determinar un prazo para un valor que pode ser imprescritible. O que resulta relevante é determinar se ese valor é escaso, medio ou substancial e, desta forma, en combinación cos outros elementos a ter en conta na valoración poder propoñer un ditamen axustado á necesidade de conservación ou á posibilidade de eliminación da serie obxecto de estudo.



3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura fai a relación de propostas de eliminación presentadas.

4. Proposta de acordo sobre a eliminación, nas oficinas de rexistro físico, de documentación presentada para a súa incorporación a un servizo electrónico e non recollida polas persoas titulares nos prazos marcados polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo. BOE núm. 77, de 31/03/2021

Expón a proposta a subdirectora xeral de Arquivos e Museos.

Manifesta que é preciso conformar criterio técnico a seguir respecto dos documentos que se presentan nos rexistros físicos e non se recollen por parte dos particulares unha vez remata o proceso de escaneo para incorporar ao rexistro electrónico. En xeral, estes documentos, unha vez escaneados, devólvense no momento, agás casos illados nos que a oficina de rexistro, por volume de traballo, non pode devolver o orixinal inmediatamente. Neste caso, se o orixinal non se recolle, o rexistro debe conservalo durante 6 meses. Unha vez rematado este prazo, podería eliminarse. A cuestión que aquí se suscita é a posibilidade de eliminar directamente na oficina de rexistro ou se debe seguirse o procedemento de autorización previa e ditame diante do Consello de Avaliación Documental.

A cuestión levouse tamén diante do Consello de Arquivos de Galicia na reunión do 8 de novembro de 2022, onde están representadas diferentes administracións. Este órgano entendeu que non é necesario que estas eliminacións pasen polo Consello de Avaliación Documental.

Xa que logo, e dado que se trata de documentación que non forma parte en realidade de ningunha serie documental, propónse que estas eliminacións non teñan que pasar Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Gabriel Quiroga pregunta sobre a forma legal que adoptará o acordo. A subdirectora manifesta que se trata dun criterio técnico adoptado no ámbito da xestión documental; non se trata dunha norma. En todo caso, o criterio darase a coñecer e difundirase debidamente, seguramente a través dunha Instrución.

1. Rolda de intervencións

José Luis Mínguez intervéñen para felicitar á Consellería pola edición da publicación Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia e expón a necesidade de mellorar as estatísticas que esta aplicación facilita sobre a xestión realizada nos centros. A subdirectora xeral de arquivos contesta que isto probablemente poida resolverse coa axuda da Amtega, ao cal a representante da Amtega di que haberá que estudialo.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local presentadas.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentados.





4. Incluír nos estudos un texto explicativo de que tanto no caso de que haxa expedientes afectados pola interposición de recursos ou por procesos de auditoría asociados á xestión de fondos europeos non serán de aplicación os prazos establecidos para a eliminación ata a finalización destes procesos.
5. Aprobar o criterio técnico correspondente á eliminación, nas oficinas de rexistro físico, de documentación presentada para a súa incorporación a un servizo electrónico e non recollida polas persoas titulares nos prazos marcados polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:30 horas

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria

O presidente

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

